

Non nacín libre -1940 foi o inicio de moita opresión-, pero nacín Libra. Din das persoas libra que equilibran o que lles acontece. Nin creo nisto nin deixo de crer, por equilibrio, pero si que fun cadrando moitas cousas. Empezar todo tarde -estudar, escribir, casar e ser nai- e chegar a tempo. Sentir paixón pola montaña oriental e identificarme coa paisaxe da ría. escoitar a chamada das artes e buscar solución profesional fóra delas.

Para a profesión obtiven título aos 20 anos. Coa chamada das artes, andei perdida ata focalizar o interese na literatura, á que me entreguei como á pedagogía. Corenta e catro anos despois de publicar o primeiro libro, xa afastada do traballo pedagóxico remunerado, recibo hoxe o título de escritora. En contrapartida a tanta xenerosidade prometo utilizalo, mentres teña capacidade, para aprofundar no labor de transformar palabras, de lles ampliar o sentido e de facer delas un saco que transporta mundos ficcionados dun interior humano a outro interior humano. Tamén prometo seguir no empeño en transmitir as palabras que por privilexio herdei das velliñas e velliños que morreron con elas nos beizos, procurándolles nos escritos unha vida máis longa do que sexa a miña.

Foi a Literatura un elemento integrador da miña vida. Ela unificou o meu amor polas artes cando me revelou o esencial: coas palabras modélase, píntase, constrúense mundos e faise música. As palabras son material sonoro e a poesía acabou sendo a miña forma de cantar. Escribir é ir compoñendo unha melodía que, en sendo literaria, responde a regras manadas de si mesma, e quen escribe ten que descubrir piares no que armala para que non se esborralle nin acabe nun simple material de lectura. Á peza literaria non lle abonda a melodía superficial porque esixe harmonización. As combinacións das palabras teñen que producir tensións e distensións. Palabras e parágrafos gardan sons de menor volume que contribúen a arrequecer a mensaxe literaria cos seus harmónicos. Foi a música quen me ensinou que a literatura non é unha arte doada na construción nin na lectura. Non é produto de consumo masivo, tendo quen escribe a obriga de facer arte e quen le o deber e o gozo de adestrarse nas percepcións que fan unha lectura complexa, precisada de gradación e adestramento. Finalmente a fotografía veu mostrarme outra práctica no punto de vista, no encadre de feitos, na elección dos detalles e na validez de todas as temáticas, tratándoas como esixen as súas texturas, a combinación de luces e o destaque de elementos relevantes.

Ao non ter título, a ese complexo mundo da palabra cheguei ensinada por un circundo rico na literatura oral, moi viva na contorna dos Ancares. Instalada en Quintá de

Cancelada como mestra, «*na largura montesía/ co ceo como dosel*» (Cabanillas), empecei a escribir para falar comigo, en soidade lírica e telúrica. Mediaban os anos sesenta e os meus modelos literarios pasivos seguían a ser pés de foto das ilustracións de Gustav Doré para Shakespeare dun tomo da *Gran Enciclopedia de la Juventud*. Nelas percibín moi nena que non é preciso o significado pleno dun texto para que te cative: «*Otelo contempla a Desdémona dormida. De Otelo.*» Tamén o eran os escritores e escritoras que lera meu pai e me chegaban de oído. O modelo activo era Juan Ramón Jiménez, a quen lía con paixón. A publicación daqueles apuntamentos decidina no verán de 1971 durante unha semana en Cabo de Cruz cunha mestra que acababa de editar un libro e coa que establecera relación. Ela non publicou máis, pero foi decisiva para que eu o fixese. Escrito en castelán, leva o nome do noso canto máis señoardoso: *Alalás*. A persoa cualificada para falar del que, pola miña ousadía e a súa amabilidade, leu este libro xa publicado, foi o Profesor Don Xesús Alonso Montero, que hoxe nos honra aquí como presidente da Real Academia Galega, que daquela me dixo estas animosas palabras: «*Vostede sabe o que é a poesía. Siga escribindo.*» Nas miñas orixes de escritora está el e esta é unha ocasión moi oportuna para llo agradecer. Tras desta publicación, cavilei en que debería equilibrar a soidade existencial coa implicación social buscando outras formas de escribir e proceder, pois a escritora non o é só cando escribe, senón cando pensa, actúa e se expresa en calquera medio. O maio do 68, que me colleu en Madrid, estaba xermolando na miña evolución.

Cando Xesús Rábade Paredes chega á miña vida en 1975 xa eu escribía en galego e gañara un premio da Asociación Sementeira de Viveiro, que me enchera de autoestima. Pero será Xesús quen propicia, apoia, estimula e posibilita esta carreira que hoxe considerades. Ninguén creu no meu traballo coma el. Ao víreno buscar para formar o Colectivo Cravo Fondo, puxo a condición de que eu tamén estivese e eles aceptaron porque querían o seu nome. Non procede narrar algunha circunstancia pola que pasamos ambos coas colaboracións literarias, experiencia positiva na creación e dolorosa na recepción. Asombraría aquela visión asimétrica que mesmo persoas de relevancia cultural e literaria tiñan aínda do escritor e da escritora. Adiantándome aos agradecementos, recibo este premio para compartilo co escritor grande, silencioso e humilde, de tanta vida interior e tantos saberes, con quen teño a sorte de compartir a vida. Píddolle que acepte ser partícipe, porque é de xustiza que así o fagamos. Píddolles tamén aos outorgantes que miren con bos ollos este xesto.

Canda os «poemiñas de carne» -como se lles di na dedicatoria de *O sangue na paisaxe* a María e Abelardo- nace a nosa, e despois miña, creación para a infancia para poñer ao seu alcance materiais lúdicos que precisarían como falantes nunha sociedade

afastada da que viña sendo a xente de seu. Eles, como inspiradores, modelos e cómplices, tamén deben participar da recepción desta homenaxe e a eles vai dedicada.

Naquela época nace a nosa relación con Rianxo e é literaria. Tivemos un encontro con Dieste en 1981, meses antes da súa morte. Pronunciaba nunha conferencia na Galería Sargadelos de Santiago e alí comprometeuse a verter ao galego *Viaje y fin de Don Frontán* (1930), pero xa non lle deu tempo. Nada máis producirse o pasamento Carmen Manzano propúxonos, «como Rafael quería», esa tradución, ocasión de ouro para ingresarmos da súa man en moitos segredos da creación diesteana. Algunha das moitas sesións de traballo con ela fíxose na casa da Rúa de Abaixo. Contribuímos así a cumprir unha das últimas vontades literarias de Dieste: volver a obra ao idioma no que fora proxectada. Cando morreu Carmen, xa veciños legais deste concello, fun convidada a pronunciar o pequeno discurso das exequias no cemiterio. Aquel día souben que eu xa era rianxeira, que nós xa eramos rianxeiros.

Cando volví a equilibrar a vida literaria en solitario -co apoio incondicional de Xesús, que se sentía sufridor co trato dado ás nosas colaboracións só por o seren- fíxeno co poemario *Rosalía no espello*, publicado en 1985. Ela ía estar xa sempre moi cerca da miña creación e do meu traballo. En canto pareceu necesario que me ocupara dos seus asuntos máis de cerca, estiven ao servizo da súa Fundación, formando parte por tal privilexio doutras institucións culturais de Galicia coas que tamén colaborei no que me foi solicitado. Cando me cualifican de activista cultural, gústame oílo. Non sobran activistas de algo tan necesario para as persoas como é cultura, que non ten o respaldo que precisa. Activismo cultural desde *El Correo Gallego* -algo que lle gustará a meu pai desde onde o vexa porque me quería colaboradora de prensa- e desde as redes, nas que me sinto obrigada a participar porque sempre quixen vivir canda o calendario. Para quen presenciou cambios históricos moi acelerados e tivo experiencias persoais en varios ámbitos, é tentador un libro memorialista. E nel penso mentres tomo apuntamentos e miro de lle dar traza. Así vai pasando a miña vida literaria entre artigos, entrevistas, colaboracións, un haiku diario, dous blogues, memorias e un par de libros máis en proxecto xa adiantado.

Só me queda mostrar os meus máis sentidos agradecementos a quen fai posible esta gran festa. Á Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, cos seus membros e persoal técnico, e ao Concello de Rianxo, desde a corporación e os técnicos de cultura ata toda a veciñanza. Deposito a gratitude nas mans dos seus presidentes, Cesáreo Sánchez e Adolfo Muíños. A Marica Campo, que puxo coa súa *laudatio* unha orla de ourivería a este título. A todas as persoas que acudistes á chamada de completar a felicidade desde día: familiares, veciñas e veciños de Rianxo,

alumno da escola idílica que trae aquí a súa memoria e a das miñas orixes canceladesas, amigas e amigos unidos a min por tan diferentes lazos e vidos desde toda Galicia...

Desde o fondo do corazón, moitas grazas.

*Helena Villar Janeiro
Escola da I República - Cuartel vello, Rianxo
25 de xuño de 2016*